



RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR

Renda per cápita da unidade familiar: renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2022 dividido entre o número de membros computables.

- Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas.
- A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2022, sumaranse a base imponible xeral (recadro **435**) e a base imponible do aforro (recadro **460**); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados no certificado de imputacións de renda, pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- As persoas sen residencia fiscal en España no ano 2022 deberán acreditar os seus ingresos no país de orixe mediante nóminas, xustificantes de pensión, xustificantes de rendementos bancarios ou calquera outro documento acreditativo. No caso de carecer desta documentación ou se non obtiveran ingresos deberán presentar unha declaración responsable dos ingresos de todos os membros da unidade familiar.
- Nos casos de violencia de xénero non se incluírá ao agresor na solicitude e, polo tanto, non se terán en conta os seus ingresos para determinar a renda per cápita. Tampouco se terán en conta os ingresos do outro proxenitor nos casos de custodia exclusiva e os do proxenitor falecido.

Membros computables da unidade familiar:

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados suxeitos a curatela representativa ou a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
- f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero, o outro proxenitor cando a custodia sexa exclusiva nin o proxenitor falecido .

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2022, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esta data atribúa a custodia a un dos dous proxenitores, nos casos de violencia de xénero, nos que se aplicará o disposto na lexislación específica, e nos casos de falecemento dalgunha das persoas proxenitoras.



PRAZOS ESTABLECIDOS POLA CONVOCATORIA

	CENTROS	CIDADÁNS	LIBRARÍAS
Alta de centros privados concertados como entidade colaboradora. Envío do anexo V (por Sede Electrónica)_Procedemento ED330G	Ata o 21.06.2024	-	-
Presentación de solicitudes do alumnado de EP, ESO e EE no centro escolar ou mediante a sede electrónica_Procedemento ED330B	-	Ata o 21.06.2024	-
Presentación de solicitudes do alumnado que repita 4º ESO ou que non obteña praza en FP Básica e que non solicitara no prazo anterior	-	Un mes desde a matrícula	-
Presentación de solicitudes do alumnado trasladado desde centros de fóra de Galicia ou privados non concertados (Só presencial)	-	Un mes desde a matrícula Ata o 31.03.2025	-
Devolución dos libros do curso 2023/2024	-	Ata o 21.06.2024	-
Gravación dos libros devoltos	Ata o 03.07.2024	-	-
Fondo solidario de libros de texto			
Gravación de solicitudes e emendas (*)	Ata o 08.07.2024	-	-
Publicación de listaxes provisionais (**)	Ata o 12.07.2024	-	-
Reclamación ás listaxes provisionais	-	2 días seguintes á publicación	-
Gravación do resultado das reclamacións	Ata o 19.07.2024	-	-
Publicación das listaxes definitivas	Ata o 26.07.2024	-	-
PR004A_Xustificación da adquisición de libros complementarios	Ata o 31.10.2024	-	-
PR004A_Xustificación complementaria de novas incorporacións	Ata o 22.04.2025	-	-
Entrega dos libros ao alumnado	O día da publicación da listaxe definitiva ou o seguinte. Poderá pospoñerse ata o inicio do curso	-	-
Axudas para libros de texto e axudas para material escolar			
Emenda de erros detectados nos vales		10 días desde que recibe o vale	-
Uso dos vales nas librarías e demais establecementos		Ata o 10.04.2025	-
Presentación de talóns de cargo (1º prazo)		-	Ata o 12.12.2024
Presentación de talóns de cargo (2º prazo)			Do 01.01.2025 ata o 22.04.2025

(*) As datas indicadas son as establecidas para realizar os actos de xestión cando o centro non fixara os seus propios prazos. Se o centro establecera outros prazos debe publicalos no taboleiro e realizar os trámites necesarios para que quede garantido que os representantes legais do alumnado os coñecen con antelación.

(**) Resulta imprescindible que as existencias resultado da devolución dos libros estean correctamente mecanizadas polo centro e actualizadas en Fondolibros.